

PRIMEIRAS XORNADAS

para a abordaxe integral da VIOLENCIA DE XÉNERO

24-25 FEBREIRO 2011



CONCELLO DE SOUTOMAIOR



XOVES, 24 DE FEBREIRO

INAUGURACIÓN DAS XORNADAS

➤ D. Agustín Reguera Ocampo, Alcalde do concello de Soutomaior

Na inauguración das xornadas o alcalde de Soutomaior, sinalou que éstas “nacen da necesidade de dar unha resposta integral ante a problemática da violencia de xénero, que afecta a toda a sociedade, e na que todas e todos nos debemos implicar para acadar unha igualdade de oportunidades real entre os homes e as mulleres. A violencia de xénero é un problema histórico que non comprende de idade, nin de condición social nin cultural e que está presente en todos os niveis da nosa sociedade. Este problema nunca vai a rematar cunha lei ou Cunha política, senón que hai que traballar dunha forma integral Na sociedade, enfrontarnos a ela cunha visión máis global, eliminando da nosa cotidianidade e relación de parella os elementos de poder que empregan os violentos. Precisamos por tanto, dunha resposta integral de todos os axentes, e por iso, o enfoque multidisciplinar destas xornadas nas que se abordará o ámbito sanitario, educativo, xudicial, policial e o psicosocial . Necesítase levar cabo actuacións da prevención e educación en igualdade na poboación máis nova onde as estatísticas móstrannos un aumento preocupante da violencia de xénero”.

Para rematar Agustín Reguera, relatou que as xornadas están enmarcadas dentro das actuacións previstas no *Plan de Igualdade Municipal 2008-2011*, na área de intervención integral da violencia de xénero, co obxectivo de fortalecer o traballo en rede dos profesionais e potenciar a difusión dos recursos existentes para facer máis efectiva a loita contra a violencia de xénero, aumentar a implicación e sensibilización a nivel municipal sobre esta problemática e compartir espazos e tempos multidisciplinares para crear respostas e solucións máis efectivas .

Agradeceu a activa participación nas xornadas das persoas asistentes e felicitou polo traballo e a ilusión neste proxecto a directora do CIM (Cristina García), a asesora xurídica (Paula Casal), a traballadora social (Paula Fernández), así como a Concelleira de Muller, Sanidade e Servizos Sociais Cristina González Piedras.

MESA COLOQUIO DO ÁMBITO PSICO-SANITARIO

Moderadora: Cristina García Núñez, directora e psicóloga do CIM de Soutomaior

➤ Dna. Rosana Izquierdo Fernández, médica de Familia no Centro de Atención Primaria de Coruxo (Vigo), responsable do grupo de traballo de Violencia de Xénero da Asociación Galega Familiar e Comunitaria.

Nesta mesa, a doutora Rosana Izquierdo relatou a problemática da violencia de xénero como un problema de saúde pública, tal como argumenta a OMS desde 1996.

Segundo datos sobre a prevalencia da violencia de xénero no mundo, a frecuencia de mulleres que sofren violencia de xénero segundo a OMS é dun 10% a un 69%, sendo en Europa dun 28% a un 58%.

En España, a través da macroenquisa realizada a 32.000 mulleres no ano 1.996, concluíuse que o 9,6% eran mulleres en situación de violencia de xénero, é dicir, unha de cada dez mulleres. Neste mesmo estudo, visibilizouse que soamente un 3,6% se recoñecían a si mesmas

como maltratadas; na gran maioría dos casos esta violencia estaba normalizada na súa propia vida.

Noutros estudos que se realizaron en España sobre as mulleres que acudían ao centro de saúde de atención primaria, unha de cada 3 considerábase muller maltratada e levaba máis de 5 anos sufrindo maltrato.

Por tanto, analizada a prevalencia pódese ver claramente que isto xera un grave problema de saúde, un problema polas consecuencias que causa a violencia nas mulleres.

As mulleres maltratadas acoden ao centro de saúde con moita máis frecuencia que calquera outra poboación, e ademais os estudos mostran que o 90% das mulleres acode ao centro de saúde un ano despois de sufrir maltrato.

As mulleres van ao centro de saúde por síntomas físicos, enfermidades, síntomas psicolóxicos, síntomas xinecobstétricos, abortos, consecuencias sociais... A relatora tamén sulíñou que non debemos esquecer as consecuencias na saúde dos fillos/as destas mulleres, xa que tamén van a ter problemas e é posible que demanden axuda. Por tanto, o problema é moi frecuente, e os profesionais sanitarios deben estar atentos a estas situacións e facer unha detección precoz, así como coordinarse con outros profesionais.

As medidas que poden tomar os profesionais sanitarios para mellorar a situación son: realizar educación para a saúde e afectiva (prevención primaria), facer unha detección precoz dos casos (prevención secundaria), ademais de atender ás vítimas (prevención terciaria), e ao mesmo tempo coordinarse interdisciplinariamente.

Para intervir nestes casos, é necesario crear un ambiente adecuado para facilitar a expresión de sentimentos, non culpabilizar nin cuestionar á muller, así como coordinarse con outros profesionais, coñecer os recursos da zona, e cuestionar os propios coñecementos e habilidades.

Débase realizar un plan de seguridade da muller, e esperar as repercusións nos fillos e fillas e persoas dependentes que están ao seu cargo. Tense que fomentar o traballo grupal e comunitario, fomentar a detección precoz a través dos indicadores de sospeita para diminuír as consecuencias, e respectar a vontade da muller en todo momento.

➤ **Dna. Rocío Trastoy García. Psicóloga e Coordinadora do Programa de Atención a Vítimas de Violencia de Xénero (convenio entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia)**

Rocío Trastoy no seu relatorio falounos dun dos recursos que existen na comunidade galega para as mulleres vítimas de violencia de xénero: o Programa de Atención Psicolóxica a Vítimas de Violencia de Xénero.

O obxectivo deste programa é proporcionar recursos terapéuticos específicos axeitados para abrir vías de recuperación para as mulleres que sufran ou sufrirán violencia de xénero. Tamén esta aberto para outras persoas como os fillos e fillas destas mulleres e outras persoas dependentes que directa ou indirectamente sufriron a violencia.

Os/as psicólogos/as especialistas en violencia de xénero que o levan a cabo están distribuídos por toda Galicia e exercen a profesión de forma privada, utilizando diferentes modelos de abordaxe.

A entrada dunha muller no programa pode ser por unha chamada dela a un tlf. 24 horas, ou a través de outros recursos ou servizos da CC.AA. Posteriormente ofréceselles información sobre

o programa e asígnaselle unha persoa preto do seu domicilio que vai a ser a encargada do seu tratamento psicolóxico.

Ao programa non so acoden mulleres que denuncian ao agresor, senón tamén aquelas que presentan un informe social redactado dende o CIM, SERGAS, Servizos Sociais... e dirixíndose a Secretaría Xeral de Igualdade, para ser remitido o COP posteriormente.

Algunhas pautas en común deste tratamento son: escoitar e comprender, recoñecer o esforzo, explicar que non hai nada que xustifique a violencia, aclarar que ten dereito a vivir a violencia, transmitir esperanzas, non expresar sentimentos negativos cara o agresor, non axuizar nin a eles nin a elas e non dar solucións. Ela debe dar unha solución a súa propia vida.

Actualmente hai 400 persoas no programa, a maioría da provincia da Coruña seguido a longa distancia de Pontevedra, Lugo e Ourense.

ROLDA DE PREGUNTAS

Un dos temas que se trataron na rolda de preguntas foi o relacionado coa dificultade dos/as profesionais a hora de facer ver a unha muller, que está a vivir unha situación de maltrato. Á conclusión á que chegaron as/os asistentes e relatoras foi, que o mellor para as mulleres é que os/as profesionais as axuden a recuperar a súa autoestima, a fortalecerse, para que posteriormente, elas mesmas se percaten desa situación e poidan tomar a súa propia decisión.

As/os asistentes tamén reflexionaron sobre o dobre maltrato que sofren aquelas mulleres con adicións ao alcohol ou drogas como consecuencia moitas veces da situación de violencia que viven, e a dificultade por parte dos/as profesionais para tratar as dúas problemáticas.

O funcionamento do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero foi outro aspecto no que as/os asistentes incidiron, xa que segundo parece trátase dun recurso bastante descoñecido por moitos e moitas dos profesionais.

Finalmente, as derradeiras preguntas foron referidas ás denuncias realizadas dende os centros de saúde, formándose un debate sobre as obrigas por parte dos/as profesionais sanitarios a presentar denuncias en casos de indicios claros e a liberdade da muller nesta toma de decisións.

MESA COLOQUIO DO ÁMBITO EDUCATIVO

Moderadora: Sonia Pintos Pazos. Técnica de Xuventude OMIX de Soutomaior

- **Dna. María Hermelo Iglesias, Profesora no IES Castela de Vigo, licenciada en Psicoloxía e Antropoloxía Social e Cultural, antiga profesora do colexio de Soutomaior e autora do material multimedia: “Fíos Violeta: convivir en igualdade”, editado pola Secretaría Xeral de Igualdade. Presentación do multimedia: “Fíos Violeta: Convivir en Igualdade”.**

María Hermelo presentou *Fíos Violeta: Convivir en Igualdade*. Este material ten o obxectivo de coñecer como se sustenta a desigualdade entre homes e mulleres e como isto afecta especialmente ás mulleres, partindo dende diferentes ángulos.

A ideoloxía deste material reflicte a ampla experiencia da súa autora, a idea de que o alumnado debe adquirir principalmente competencias nas relacións interpersoais, e isto é algo especialmente complicado xa que a razón, a cognición, o pensar, está relegado ao espazo

público, e as emocións ao espazo privado, íntimo e persoal. A escola como calquera outro ámbito repite ese mesmo esquema. E por tanto, *Fíos Violeta* reivindica fundamentalmente a fusión da emoción e da cognición, para formar persoas críticas, competentes e activas.

Fíos Violeta é principalmente audiovisual aínda que se cumprimenta cun material impreso, e isto é polo seu gran impacto emocional no alumnado. Búscase que mozas e mozos empaticen coas realidades visualizadas e cuestionen as xerarquías culturais entre o feminino e o masculino.

Por tanto, a finalidade última de *Fíos Violeta: Convivir en Igualdade* é lograr que rapazas e rapaces comprendan criticamente o mundo no que viven e actúen con criterio na procura do benestar individual e colectivo.

O material está pensado para traballar con alumnado de 12 a 16 anos dentro da educación formal, e en diversas áreas curriculares. Non obstante, é posible a súa utilización fóra do espazo educativo.

Este material trabállase co alumnado a partir de dúas propostas: a guía do profesorado, no que aparece un glosario, e a do alumnado, na que a estrutura sempre é a mesma: primeiro se visualiza o DVD, despois se analiza a secuencia por medio dunhas cuestións que se falan en común, e posteriormente realízanse diversas actividades.

➤ **A moderadora cédelle a palabra a D. Miguel Vázquez Freire, Profesor de Filosofía do IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela. É membro da Nova Escola Galega. Publicou numerosos artigos, novelas, contos, obras de teatro...Na actualidade é membro do consello da redacción das revistas *Tempos novos* e *Revista Galega de Educación*.**

Miguel Vázquez comezou expoñendo unha síntese de experiencias que leva desenvolvendo nas súas clases de filosofía, educación para a cidadanía e ética co alumnado.

Dentro da educación formal dáse unha prioridade a capacidade cognitiva en detrimento da educación afectiva e emocional, que anteriormente residía na familia, pero cos cambios actuais, como pode ser a saída da muller a traballar fora do fogar, o papel da educación afectiva non ten a intensidade nin os vínculos que habían anteriormente. Ademais disto, Miguel expón que hai un novo factor de influencia: os medios de comunicación de masas, os cales forman aos nosos rapaces/as, e eminentemente transmiten unha mensaxe emocional, o que favorece a inxerencia da construción afectiva sen resistencia por parte do/a espectador/a.

Esta aprendizaxe emocional a través dos medios de comunicación de masas teñen unha influencia moito maior que a propia escola, o cal vai a ser determinante na construción dos roles de xénero nas novas xeracións.

Dende as aulas Miguel Vázquez, estuda os medios de comunicación que afectan aos seus alumnos/as e para isto, os alumnos/as convértense en investigadores dos medios.

En qué consiste esa estratexia educativa?

O primeiro paso e a resposta por parte do alumnado dunha enquisa anónima de hábitos de consumo e lecer (revistas, libros, series TV, películas, música, videoxogo, redes sociais...), e posteriormente a análise comparativa dos hábitos entre alumnos e alumnas.

Sobre o resultado da análise dos medios que consumen vese que os estereotipos de xénero son algo habitual nas mensaxes que eles e elas reciben habitualmente.

Outro análise que realiza o relator nas aulas, fai referencia ás películas de debuxos animados de Walt Disney (Brancaleves, A Sireniña, A Bela Durminte...), versadas de contos tradicionais. Obsérvase que existen uns cambios moi visibles entre os contos populares que as inspiran e as versións realizadas por *Disney*, sendo as novas versións moito máis estereotipadas.

As protagonistas e heroínas dos contos sempre son mulleres pasivas, pacientes, obedientes, traballadoras e sosegadas, e a personaxe que fai de *mala* (bruxa) é activa e con autoridade propia.

Tamén se pode ver a sobrevaloración do papel masculino, que sempre aparece para salvar as mulleres pasivas a saír da problemática na que se atopan, e que nos contos orixinais tiñan unha presenza secundaria.

Miguel Vázquez tamén expuxo a súa análise da sexualidade a través do cinema, xa que lle parece útil para traballar co alumnado. Para elo faino a través de tres películas: *Inferno de covardes*, *Historias do Kronen* e *Carne Trémula*.

Para concluír Miguel Vázquez fala da gravidade da visión e utilización destes medios, non tanto por que sexa posible a repetición destes comportamentos senón pola falta de sensibilización cara a eles.

ROLDA DE PREGUNTAS

A rolda de preguntas comezou con agradecementos aos poñentes pola importancia que require a prevención da violencia nos máis novos e novas.

Posteriormente un dos temas que interesou foi a introdución da homosexualidade como tema de traballo co alumnado, xa que no material presentado non figuraba e reflexionouse sobre a necesidade de abordar co alumnado esta realidade.

O público asistente tamén se interesou pola forma de obter o material *Fíos Violeta*, e reflexionaron sobre a incidencia que ten o material no modelo educativo actual.

VENRES, 25 DE FEBREIRO

MESA COLOQUIO DO ÁMBITO XURÍDICO

Moderadora: Paula Casal Canabal. Avogada do CIM de Soutomaior

- **Dña. Susana Pazos Méndez, Xuíza do Xulgado de Instrución nº2 de Redondela, con competencia en materia de Violencia sobre a muller.**

A creación dos xulgados de Violencia sobre a muller no ano 2005 responde a necesidade de dar respostas as vítimas de maltrato, xa que era necesario aglutinar os procesos de violencia de xénero que padecía unha mesma muller nun só xulgado: o correspondente o seu lugar de residencia.

Susana Pazos centrou o seu relatorio na dificultade por parte dos xuíces e xuízas de determinar a violencia psíquica, ou violencia física se non existen probas obxectivas. Os xuíces e xuízas teñen que levar o acto procesal ao límite, xa que deben existir probas para demostrar os feitos de forma obxectiva.

Esta operativa, nos casos de violencia psíquica, é moi complicada, e moitas veces utilízase as declaracións da vítima como proba de cargo, pero sempre cuns requisitos: que a declaración da vítima sexa persistente, que non se aprecien contradicións, ambigüidades, e que non se observen ánimos de vinganza ou resentimento. E ademais é necesario que concorran datos periféricos obxectivos que axuden a dar veracidade da testemuña.

A veces isto está en contra da propia vítima, porque é difícil que non existan ambigüidades ou que non teñan a capacidade para relatar os feitos de forma clara.

É importantísimo que os partes de lesións sexan moi completos, e comunican a maior información posible. O art. 416 da Lei de Enxuzamento Criminal, é un problema, as mulleres poden volveirse atrás no procedemento e este artigo axuda a que os membros familiares poidan negarse a declarar, e de esta forma non existe forma de seguir co procedemento.

- **Dna. Marta Medrano Valera, Médica Forense do IMELGA en Pontevedra e colaboradora na redacción dun Protocolo de Valoración Integral de Violencia de Xénero.**

Marta Medrano falounos sobre *O Protocolo de Valoración Integral de Violencia de Xénero*, unhas pautas seguidas polo equipo forense ante os casos de violencia de xénero.

Os obxectivos desta valoración son: determinar a existencia de maltrato e as súas consecuencias, aportar elementos para protexer á vítima e valorar o risco futuro. E para isto a relatora apuntou que hai tres tipos de valoración: a valoración específica, a íntegra e a global.

A Valoración específica sería soamente cando intervéñ un dos membros do equipo forense (médico/a, traballador/a social, psicóloga/o); a íntegra sería cando interveñen os tres membros do equipo forense e a valoración global cando non só se valora a vítima, senón tamén de algún membro da familia e do agresor, e sempre se realiza cando a valoración é íntegra.

Así mesmo, a resposta forense pode ser de dous tipos: urxente, cando se realiza no xulgado de garda, cando hai lesións graves, agresións sexuais... e nos xuízos rápidos, cando se solicita a valoración do agresor.

Para valorar si é necesario que participe todo o equipo forense, analízanse as lesións físicas, psíquicas, os medios e formas de lesionar, como vive a vítima, a situación de violencia, secuencia das lesións, elementos periféricos acompañantes (vexación, ensañamento, ameazas, condutas preparatorias, especial vulnerabilidade da vítima), a permanencia da vítima no ambiente doméstico e as consecuencias que pode traer isto o resto dos membros da familia, o risco de novas agresións e de morte, medidas de protección, valoracións específicas como poden ser as agresións sexuais, valoración no caso de morte como pode ser por exemplo, suicidios, mortes de causa accidental...

Posterior a intervención faise un informe conxunto cunhas conclusións para o xuíz e o fiscal. Nesas conclusións faise unha avaliación médico-legal dos feitos actuais como poden ser as lesións físicas/psíquicas e secuelas, unha valoración psicolóxica, unha valoración social, valoración do clima de violencia, valoración do risco de novas agresións e medidas recomendadas urxentes e inmediatas para que o xuíz poida valoralas.

➤ **Dna. Carmen Novo Coldefors, licenciada en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, Fiscal Delegada en materia de Violencia de Xénero en Pontevedra.**

Carmen Novo, no seu relatorio falou sobre os dereitos das vítimas de violencia de xénero e as medidas de protección.

Os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero tal e como menciona a lexislación estatal e autonómica son moitos, non obstante son tres os fundamentais: dereito a asistencia xurídica, dereito á información e dereito a asistencia social integral.

As mulleres deben ser informadas desde o primeiro momento sobre medidas relativas a súa protección e seguridade, os dereitos e axudas que as leis recoñecen ao seu favor, e os recursos de atención, emerxencia, apoio e recuperación integral e a forma de acceso aos mesmos.

Tanto as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como o Xulgado de Violencia sobre a muller, CIMs, Servizos Sociais... teñen a obriga de informar á muller sobre a existencia destes dereitos.

Algúns dos outros dereitos aos que se fixo mención foron:

- Asistencia social integral, a cal consiste na atención de emerxencia, apoio psicolóxico, social e educativo, de inserción e orientación laboral, etc., e o seguimento da obtención dos seus dereitos.
- Asistencia letrada gratuíta no caso das mulleres que non teñan os recursos económicos necesarios.
- Dereitos laborais e da seguridade social.
- Dereitos económicos: vivenda, prestacións sociais...

As vítimas de violencia de xénero, teñen dereitos e recursos estatais aos que poden acceder soamente si está xustificada a súa situación de vítima de violencia de xénero cunha orde de protección ou un informe fiscal, non entanto, aos recursos autonómicos poden acceder con un informe social sobre esta situación.

ROLDA DE PREGUNTAS

O tema que ocupou maior parte do tempo na rolda de preguntas, foi o debate sobre que se debe facer cando unha/un profesional ten coñecemento ou indicio sobre un caso de violencia de xénero, e a vítima non quere denunciar. Chegouse a conclusión por parte das relatoras que cando a valoración de risco é alta, debe ser prioritario para o/a profesional informar ao/a Fiscal ou Xuíz/a aínda que sexa de forma informal, salvagardando a vida da vítima por encima de todo.

Outro tema do que se falou foi das denuncias falsas, concluíndose que era algo pouco habitual e que a cifra destes casos era ínfima.

Moderadora: Paula Fernández Dopazo. Traballadora Social do CIM de Soutomaior

- **Dna. Lucía Muradas Arcay. Xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno en Pontevedra.**

Lucía Muradas no seu relatorio falounos do Sistema de seguimento por medios telemáticos do cumprimento das medidas de afastamento en materia de Violencia de Xénero.

Os obxectivos deste sistema son: mellorar a seguridade e protección das vítimas e xerar confianza para poder abordar a súa recuperación, ademais, pretende disuadir ao inculpado, e documentar de forma obxectiva os incumprimentos das ordes de afastamento para informar ao órgano xudicial correspondente.

Este sistema, tamén pretende mellorar a colaboración coas FCS e súa capacidade de resposta inmediata.

Tanto a muller como o inculpado vai a levar unha parte do sistema. O inculpado levará un transmisor de radio frecuencia (pulseira), con sensores que indican si a pulseira é manipulada, e a muller leva un dispositivo, que recibe unha sinal da pulseira do agresor, e é por elo que se ten localizado dende a central aos dous.

Ademais o sistema, ten un GPS integrado que nos di en todo momento en que lugar se sitúa tanto o agresor como a muller.

Este dispositivo tamén permite analizar escenarios predictivos, habilitar varias zonas de exclusión e definir e xestionar zonas de advertencia que van a mellorar a resposta policial.

O centro de control destes dispositivos conta con teleoperadores /ascon formación específica en violencia, e garántese operatividade inmediata e resposta eficaz en menos de 24 horas.

O protocolo de actuación e instalación parte dunha resolución xudicial de medida cautelar e uso de medidas telemáticas para controlala.

Comunícase a resolución xudicial ao centro de control (Centro Cometa) e introdúcese a parametrización da orden xudicial no sistema. Posteriormente, coordinase co órgano xudicial correspondente para a entrega e instalación dos dispositivos, entrégase a explicase o dispositivo a vítima e inculpado e posteriormente iníciase a monitorización e xestión dos protocolos.

Si existe alerta, o Centro Cometa é o que activa o protocolo, e todas as alertas comunícanse o órgano xudicial.

- **Pilar Lagos Alonso. Especialista Policía Xudicial e responsable do Equipo de Muller e Menor (EMUME) da Garda Civil da provincia de Pontevedra.**

Pilar Lagos, expuxo no seu relatorio, as actuacións que realiza o equipo específico da Garda Civil (EMUME) nos casos de violencia de xénero.

Nas actuacións preliminares coa muller vítima de violencia de xénero, lévase a un lugar adaptado e dáselle información de forma prioritaria sobre todo o que pode supor todo o proceso e a denuncia.

Preferentemente son o EMUME e o SAM (Servizo de Atención á Muller – Policía Nacional) quen toman as declaracións e fan a valoración policial do risco.

Con relación á vítima, se ten lesións e baixo o seu acordo realízase un informe fotográfico e acompáñase a un centro de saúde.

Posteriormente infórmase sobre os seus dereitos e os recursos asistenciais que ten dispoñibles, e fáiselle acompañamento a algún deles se así o require.

Aínda que a muller non denuncie, actuarase de oficio, e se quere efectuar a denuncia, daráselle a posibilidade de chamar a un avogado de oficio.

Pilar Lago relata que dado que o xuízo é rápido, existen moitas cousas que facer nun tempo moi reducido. Algunhas destas cousas son: declaración da muller, detención do agresor, declaración e lectura de dereitos, comunicar o feito á autoridade xudicial, a busca de testemuñas e obtención das súas declaracións, ofrecemento de accións, ofrecemento da orde de protección á vítima, valoración policial do risco, a inspección ocular, recollida de mostras...

Para o corpo da policía, a seguridade da vítima e dos/as menores é o máis prioritario. Posteriormente, infórmase á muller do estado da investigación e das medidas cautelares durante tres meses.

➤ **Germán Lago Gonzalez, Director de Seguridade Cidadá do Concello da Coruña. Inspector Xefe do Corpo Nacional de policía. Membro da Comisión de Seguridade Cidadá e Convivencia da Federación Española de Municipios e Provincias. Participante na elaboración da “Guía de Buenas Prácticas Policiales ante la Violencia de Género”. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad”.**

German Lago expuxo neste relatorio a necesidade da coordinación entre as diferentes Forzas e Corpos de Seguridade para realizar unha boa actuación ante os casos de Violencia de Xénero.

En Galicia, existe moita disparidade no que se refire a Forzas e Corpos de Seguridade, e expón que fai falta algún tipo de convenio que facilite a coordinación entre todas elas.

A lexislación, a través do *Convenio Marco Febreiro 2007 entre o Ministerio do Interior e a FEMP*, si permite realizar esta coordinación, e establece como o mellor marco para establecer estes sistemas de coordinación e abordar problemas de seguridade e inseguridade, como é o de violencia de xénero. Para elo, establécense acordos e convenios entre o Ministerio do Interior e os Concellos, nos cales teñen que colaborar os dous, a Policía Local ten que acreditar a súa capacidade: número de efectivos da Policía Local, capacidade operativa, formación e experiencia, capacidade técnica e operativa para constituír Grupos ou Unidades especializadas e dispoñibilidade de recursos materiais e tecnolóxicos.

No que se refire a violencia de xénero, existe un protocolo e un acordo específico que ten como finalidade: profundar nas medidas de protección ás vítimas e conseguir unha adecuada coordinación das actuacións entre ambas Administracións, todo elo coa finalidade de previr e evitar riscos e novas agresións.

O obxecto de este acordo específico e compartir as bases de datos e colaborar nos sistemas de protección, é dicir, a transmisión e integración de información entre todos os corpos implicados.

O Sistema de Seguimento Integral nos Casos de Violencia de Xénero, establécese a través do Acordo da Xunta Local de Seguridade (*Real Decreto 1087/ 2010. BOE 21 Sept. 2010*), e permite a posibilidade da Policía Local por solicitude do Concello ao Ministerio do Interior de intégrase no Sistema Estatal de Bases de Datos Policiais e asumir as funcións de Policía Xudicial en materia de “Violencia doméstica e de xénero”. O que lles permite ademais é compartir datos, ter un coñecemento permanente sobre a situación e circunstancia das vítimas, realizar unha valoración dos riscos e adoptar as medidas de protección adecuadas.

ROLDA DE PREGUNTAS

As/os asistentes informáronse sobre os protocolos de actuación existentes cando o agresor é un membro das Forzas e Corpos de Seguridade. A resposta dos relatores/as foi que ante a lei era un inculpado máis e que quedaba expulsado do Corpo ou relegado a funcións administrativas.

MESA COLOQUIO DO ÁMBITO PSICO-SOCIAL

Moderadora: Cristina García Núñez. Directora e psicóloga do CIM do Concello de Soutomaior.

➤ **Carmen Morell. Psicóloga e terapeuta familiar. Traballa dende fai 10 anos no Programa Abrámolo Círculo (Convenio entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia).**

Existen dous programas en Galicia para homes que exercen a violencia de xénero, un realízase dentro de prisión, de carácter voluntario para homes que teñen unha cadea superior a dous anos. E outro ligado tamén co ámbito penitenciario, e o que se realiza como substitución das cadeas menores de dous anos de forma obrigatoria.

O Programa Galicia de Abrámolo Círculo, o cal explicou Carmen Morell, está coordinado polo COP Galicia, e outro programa que se realiza en Galicia pero de carácter individual, voluntario e gratuíto.

Os obxectivos principais do programa son acabar coa violencia, tanto física como psicolóxica, así como garantir a seguridade da muller, e que os homes se fagan responsables do seu comportamento.

Cando o agresor contacta co programa por el mesmo, ou por derivación dalgún recurso social, fáiselle unha entrevista, contestan a uns cuestionarios e obsérvase si padecen algún tipo de patoloxía ou consumo de drogas. Posteriormente remítese a algún dos/as 22 terapeutas espallados por toda Galicia, e comeza a intervención.

Ao ser un programa voluntario, cando se entra no programa motívase aos homes coa posibilidade de cambiar. aconséllaselles a responsabilidade do cambio, a confiar no psicólogo/a, e pídeselles un compromiso de non violencia.

As áreas que se traballan neste programa son a comportamental, cognitiva, afectiva e relacional.

A satisfacción co programa por parte dos usuarios é boa e os datos aínda que son contraditorios, mostran que entre o 50% e 90% dos homes que completan programas non

exercen violencia nun período de entre 6 meses e 4 anos. Obsérvanse cambios en actitudes, crenzas, e no uso da violencia como forma de resolver conflitos.

Un bo predictor de que a conduta do home cambia é a propia muller, que valora positivamente o programa.

➤ **Dna. Begoña Riveira Barros é avogada, mediadora familiar e axente de igualdade. Actualmente traballa no Consorcio de Igualdade e Benestar como directora e coordinadora do Centro de Emerxencias para vítimas de violencia de xénero.**

O Centro de Emerxencias nace co intento de establecer un lugar onde as mulleres vítimas de violencia de xénero puidesen entrar en situación de emerxencia e rapidez, para poder buscarlle posteriormente o recurso que mellor se adaptase a elas.

Os requisitos de entrada dunha muller, son sempre negativos, é dicir, cada muller vítima de violencia de xénero pode entrar, agás mulleres con trastornos mentais, que consuman estupefacientes, ou mulleres que están en situación de dependencia física moi grave.

Os fillos e fillas con idade ata 18 anos destas mulleres tamén poden acudir o centro con elas. O prazo máximo de estancia da muller é de 3 meses, e cada mes avalíase para saber si necesita calquera outro recurso.

Neses tres meses trabállase orientación laboral, ademais de diferentes programas grupais, como poden ser *Escolas de nais*, *Faladoiro* (para expresar ideas, opinión ou sentimentos), un programa de *Xénero*, un programa de *Ocio* e un programa de *Menores*.

➤ **Dna. M^a Pilar Méndez Méndez, Coordinadora Provincial de Cruz Vermella Española en Pontevedra.**

Pilar Méndez, falounos do programa de teleasistencia móbil en convenio coa FEMP e co Imserso para apoiar a vítimas de violencia de xénero. Este servizo é un dispositivo, teléfono móbil, que ten un sistema de localización por GPS e por celdas. Este dispositivo permite localizar ás persoas que provocan unha alarma de emerxencia para saber onde está.

Os obxectivos son garantir unha atención inmediata e adecuada a unha situación de emerxencia, proporcionar seguridade non só ás vítimas senón tamén aos seus familiares, potenciar a súa autoestima e mellorar a súa calidade de vida.

Os requisitos de acceso son que as mulleres non convivan coa persoa maltratadora e que dispoñan dunha orde de protección. Incorpóranse ao servizo a través do CIM correspondente, e sete días despois da súa solicitude incorporaranse ao servizo. Se é de urxencia sería en 48 horas. A baixa do servizo pode ser por vontade da muller, por desaparición do risco de agresión, por convivencia co maltratador, e por incumprimento da colaboración co servizo.

O centro de atención ten un horario de 24 horas, e permite que a través dunha chamada se coñeza dende onde se fai esta chamada e dos recursos que existen no lugar máis preto a ela. Os tipos de emerxencia serían: alarma por agresión, prealarma, emerxencia sanitaria e atención psicosocial.

Existen varios niveis de atención: o nivel I de atención sería falar con elas sobre algo que necesiten para proporcionar apoio, o nivel II sería para mobilizar recursos por un dato que elas transmiten, e o nivel 3 sería todo o seguimento do que ocorreu dende que se produce a

alarma ata que acaba o problema. Posteriormente realízanse os informes necesarios aos financiadores.

ROLDA DE PREGUNTAS

O tema que predominou na rolda de preguntas foi o funcionamento do Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero de Vigo. O público interesouse polas derivación das mulleres con patoloxías mentais ou consumo de drogas a outros recursos, sobre as prazas existentes no centro, sobre o orixe das derivacións das mulleres, da posibilidade de atender a mulleres con apoio social...

Tamén interesou o programa Abrámolo Círculo para homes que exercen a violencia de xénero. Preguntáronse cuestións sobre a efectividade e a percepción persoal que teñen os homes sobre o problema ,e si tamén se traballaba coa muller, fillos e fillas da parella.

Tratouse a importancia de non etiquetar ao maltratador, e de consideralo como o principal elemento co que se debe traballar nesta sociedade para acabar coa violencia de xénero, o que dou pé a reflexionar sobre a necesidade e importancia de facer campañas de sensibilización máis positiva sobre a posibilidade do seu cambio e os beneficios para todos e todas.

CLAUSURA

- **Dna. Cristina González Piedras, Concelleira de Muller, Sanidade e Servizos Sociais do Concello de Soutomaior.**

Agradeceu a participación nas xornadas, e falou do obxectivo co que se realizaron as xornadas, o cal era a importancia de fortalecer o traballo dos profesionais nesta materia e visualizar os recursos que existen para mellorar este problema.

- **D. Agustín Reguera Ocampo, Alcalde do Concello de Soutomaior.**

O alcalde de Soutomaior despediuse dos e das asistentes, e felicitou os/as organizadores/as do acto polo éxito das xornadas.

- **Dna. Marta González, Secretaria xeral de Igualdade**

Marta González lembrou con afecto as mulleres asasinadas este ano, e falou sobre o intolerable e inaceptable que era este feito na sociedade na que vivimos.

Lanzou unha mensaxe, na que expuxo que dende todos os ámbitos se necesita colaboración para acadar a violencia contra a muller e expuxo que a Xunta de Galicia levaba moito tempo traballando sobre a problemática, centrándose na atención coas vítimas, colaborando coas estruturas locais, coas deputacións e concellos, ademais de traballar cunha rede de recursos que son fundamentais (CIM, Centro de Emerxencias, casas de acollida...).

Rematou o seu relatorio expoñendo que a igualdade non só é un traballo das mulleres, senón que debe xurdir un novo modelo de masculinidade, xa que so conxuntamente poderemos avanzar cara unha sociedade igualitaria e sen violencia.

PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS

Un dos aspectos máis celebrados pola organización e as persoas relatoras, foi o elevado número de persoas asistentes as cinco mesas, así como o grao de participación do público no espazo coloquio que se estableceu un vez finalizadas as presentacións das/os relatoras/es.

Por último, aportamos o número de persoas asistentes durante os dous días de celebración das xornadas, así como en cada unha das mesas temáticas:

Mesas temáticas	Número de persoas asistentes
1. Mesa sanitaria	61 persoas
2. Mesa educativa	55 persoas
3. Mesa xurídica	50 persoas
4. Mesa policial	51 persoas
5. Mesa psicosocial	46 persoas
TOTAL	263 persoas